

COMPREI A CIDADE DE PARÍS (ADAPTACIÓN)

Na feira de Arzúa sempre hai quen venda de todo. Hai vendedores tan bos que as persoas acaban comprando o que non necesitan, incluso cousas que non valen para nada.

Unha vez chegou un homiño que vendía cousas raras: o río Amazonas, o Océano Pacífico, os mares da Lúa... Dáballe a cada comprador unha escritura de propiedade, para que todo o mundo soubese quen era o dono desas cousas.

Tiña unha labia extraordinaria. Falaba tan ben que convenceu a unha chea de xente para que levase a súa mercancía. Ao cabo dunha hora so lle quedaba por vender a cidade de París.

Quen quedou coa cidade de París foi un barbeiro chamado Filipe, a cambio de cortarlle o pelo e a barba a aquel home.

Filipe enmarcou a escritura e púxo a nun lugar ben visible da súa barbería, para que todos os clientes a puidesen ler: "Propietario da cidade de París".

Filipe aprendeu máis cousas sobre a cidade de París, e fachendeaba seguido, dicindo:

—É unha cidade de Francia, máis aínda, é a capital de Francia.

—Por ela pasa un río que se chama o Sena.

—Ten dez millóns de habitantes, e todos falan o francés.

Filipe foi aforrando pouco a pouco, e finalmente marchou a París para ver a súa propiedade.

A cidade era marabillosa, e Filipe encontrou aos habitantes moi amables e moi guapos. Pero nin el entendía unha palabra do que lle dicían os parisinos, nin estes entendían nada do que dicía Filipe.

—Son o dono da cidade . Non volo dixeron aínda?

Os parisinos dicían que sí coa cabeza, porque non entendían nada pero eran amables, e Filipe poñíase todo contento...

Comprei a cidade de París Conto adaptado de *Favole al telefono*, obra de **Gianni Rodari** . Editorial Juventud, Barcelona.

1.- Por que son tan bos os vendedores da feira de Arzúa ?

2.- Que vendía o homiño que chegou á feira ?

3.- Como podían saber os compradores que eran propietarios de aquelas cousas raras ?

4.-

a) Que lle comprou Filipe ao homiño?

b) Como lle pagou ?

5.- Cres que é posible mercar unha cidade? Razoa a túa resposta.
